

## Un reconto de bens da Catedral de Ourense escrito en galego no ano 1493

An inventory of the Ourense cathedral goods written in Galician in 1493

Raquel Rodríguez Parada<sup>1</sup> 

<sup>1</sup> IES do Castro, España

Recibido: 20/Octubre/2021; Aceptado: 29/Xullo/2023

### Resumo

Neste estudo ofrécese a edición interpretativa dun documento medieval parcialmente inédito escrito en galego, un reconto de bens da Catedral de Ourense, datado no ano 1493 e custodiado no arquivo da dita catedral. Ademais, cotéxase o texto cos fragmentos transcritos por [Castro e Martínez Sueiro \(1923: 458-461\)](#), publicados pola Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense baixo o título *Documentos del Archivo de la Catedral de Orense*. Acompáñase a lectura dunha introdución na cal se aborda a descrición e estudo do documento e se achegan dous índices, un toponímico e outro antroponímico.

**Palabras chave:** edición de textos medievais; galego baixomedieval; prosa notarial galega; antroponimia medieval; toponimia medieval.

### Abstract

This study offers a interpretative edition of a partly unpublished medieval document written in Galician, an inventory of the Ourense cathedral goods, dated from 1493 and kept in the cathedral archive. Furthermore, the text will be compared to the excerpts transcribed by Castro & Martínez Sueiro (1923: 458-461), published by the Provincial Commission on the Historical and Artistic monuments of Ourense and entitled *Documentos del Archivo de la Catedral de Orense*. The introduction provided shows the document description and analysis and presents two indices: a place index and a name index.

**Keywords:** editing of medieval texts; late medieval Galician; Galician notarial prose; medieval anthroponymy; medieval toponymy.

No Arquivo da Catedral de Ourense (ACOu) custódíase o documento que se ofrece neste artigo, datado no século xv. Trátase dun inventario da dita catedral do cal Castro e Martínez Sueiro (1923: 458-461) transcribiron algúns fragmentos, pertencentes ao verso do folio 127, recto e verso do 128 e recto do 129, co encabezamento “Año 1493. Recuento de alhajas y reliquias de la Catedral”, que foron publicados co título *Documentos del Archivo de la Catedral de Orense* pola Comisión de Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense.

Ao final da transcripción, os autores recolleron a seguinte información “[o documento] contiene un largo inventario de ropas, misales, epistolarios, pontificales y libros de coro, pintados algunos de ellos y ‘Un misal que foi de sant cloyo, está en monterrey en casa de moldeyro’” (Castro e Martínez Sueiro 1923: 461). Foi precisamente esta indicación sobre a riqueza léxica a que nos levou á procura do documento e á súa lectura, que ofrecemos neste artigo precedida por unhas consideracións xerais, que achegan a descrición e estudo do texto, seguida dun aparato crítico de variantes existentes entre a transcripción parcial publicada no ano 1923 e a nosa proposta, os índices onomásticos, antroponímico e toponímico e, finalmente, logo da bibliografía, a reprodución fotográfica do documento.

O texto, que se edita de maneira íntegra, resulta de grande interese polo feito de dar a coñecer un documento parcialmente inédito, e neste caso increméntase pola súa achega histórica, que pon de relevancia a suntuosidade da Catedral de Ourense a finais do século xv, e pola súa riqueza léxica ao tratarse dun relato de bens.

A propia tipoloxía textual, caracterizada polo inventariado de obxectos, ofrécenos voces relacionadas co ámbito cotián ([*calca*], *capa*, *lenço*, *manto*, *pano*, *sábãa* etc.), pero ao proceder dun centro catedralicio é moito máis interesante a presenza de termos vencellados ás técnicas e tecidos utilizados para a elaboración da indumentaria eclesiástica, que superaban en riqueza os materiais cos que se elaboraba a vestimenta da poboación civil e nalgúns casos ofrecen primeiras documentacións (*bocalán* ‘bocarán’, [*borla*], *brocado*, *canbrays* ‘cambraia’, *chamalote* ‘camelote’, *olanda* ‘holanda’, *terçianel* ‘terzanela’ etc.). Precisamente as voces do enxoval contidas no documento foron estudadas polo miúdo na tese *O léxico do enxoval (ss. XIII-XVI). Contribución ao estudo semántico dos tecidos, vestiario e complementos na prosa documental galega* (Rodríguez Parada 2019).

## 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

O documento orixinal, escrito en papel en letra precortesá (Millares Carlo 1988 [1929]: 224-225) ou gótica galega con influencias cortesás (Lucas Álvarez 1950: 68 e Lucas Álvarez 1991: 460), está inserido no libro 8º (I) do notario ourensán Xoán de Ramuín coa referencia *ACO, Minutarios notariais, Xoán de Ramuín, libro 8º (I)*. Cómpre lembrar que era habitual entre os notarios desta época rexistrar en libros de notas o contido dos documentos que pasaban polas súas mans para que, no caso de teren que sacar unha copia no futuro, quedase constancia das escrituras que autorizaban. Deste notario recóllense trece libros no Arquivo da Catedral de Ourense; cinco deles, do dous ao seis, foron estudados por Losada Meléndez (2015), e outros dous levan o número 8, motivo polo que empregamos a numeración romana (I vs. II) para diferenciarlos.

O libro 8º (I) está formado por un conxunto doutros seis libros de diferentes tamaños cosidos entre si, agás o que aparece en cuarto lugar, que actualmente está descochado, pero debeu estar unido cos outros á capa. Este leva, á súa vez, unha capa de pergameo que contén un documento notarial escrito na súa cara interna. As súas dimensións son 31,8 x 23,5 cm e nel recóllese o inventario que editamos.


O manuscrito deste texto está constituído por un conxunto de doce folios cosidos con fío branco dobrado, cunhas dimensións de 31,5 x 22 cm. Están escritos a unha única columna e con

dobre numeración: no recto, no ángulo superior dereito, lense os números romanos do CXXV ao CXXX e, no ángulo superior central, figuran os números romanos do XVIIJ ao XXII. O seu estado de conservación é bo e o soporte acolle varias liñas escritas con anterioridade, que foron riscadas.

O documento editado recóllese en 6 folios e cinco deles forman parte dun ternión, agrupado nun fascículo e cosido na parte central aos 9 bifolios que constitúen ese caderno dentro do libro 8º (I). O folio CXXX (recto e verso) está escrito nun lado dun bifolio.

O esquema fascicular que presenta o libro 8º (I) é o seguinte:

Imaxe 1. Esquema fascicular do libro 8º (I) de Xoán de Ramuín.



## 2. CRITERIOS DE EDICIÓN

O obxectivo desta transcripción interpretativa é ofrecer unha versión do documento que sexa respectuosa co texto orixinal pero, á súa vez, que o faga intelixible para calquera lector que queira achegarse a el. Con base nestes principios, recóllese a continuación os criterios de transcripción seguidos que son, fundamentalmente, os propostos nas “Normas para a edición de textos medievais galegos” (Lorenzo 1988: 76-85), que se complementan coas observacións contidas no artigo “Edición de documentos medievais: problemas que presentan algunhas abreviaturas” (Lorenzo 2004: [449]-458).

### 2.1. Disposición do texto

Para facilitar a lectura ofrécese o documento dividido en parágrafos. O cambio de liña indícanse cunha barra recta | e márcase a numeración cada cinco liñas co número en superíndice. Cando no manuscrito unha palabra está escrita entre dúas liñas, mantense a barra recta unida ás dúas partes que constitúen a palabra e non se numeran esas liñas (cár|denas, liñas 20-21, [folio CXXV v]) coa finalidade de mostrar a disposición orixinal no manuscrito. Ao tratarse dun texto escrito en varios folios, o paso dun a outro sinálase con dúas barras rectas ||.

Na marxe dereita da edición do texto reproducécese a numeración que aparece no folio, con indicación do recto (r) e do verso (v).

Finalmente, os aditamentos fóra da caixa da escritura aparecen recollidos mediante nota ao pé.

## 2.2. Introducción e supresión de caracteres ou palabras

De ser preciso restituír algunha letra ou forma, márcase encadrándoa entre corchetes [ ] (*conté[n]* l. 22, f. CXXVII [r], *foron / da dita cruz que [son] quatro...* ls. 37-38, f. CXXVIII [r]) e explícase en nota a intervención realizada.

Cando cómpre suprimir algunha letra ou palabra repetidas por erro no manuscrito, utilízanse as parénteses ( ) para marcalo e non se eliminan na edición: *tódoslos (los)* (l. 8, f. CXXV [r]), *con seus rramales que ten (que ten)* (l. 19, f. CXXVIII [r]) etc.

## 2.3. Separación e unión de palabras

Modernízase a unión e a separación das palabras seguindo os criterios actuais e, así mesmo, fanse as contraccións habituais entre as preposicións e outros elementos da oración que determina a norma moderna: *dela* (l. 18, f. CXXX [r]), *tódaslas* (l. 5, f. CXXVII [r]), *perlo* (l. 22, f. CXXV [r]) etc. Con todo, cando hoxe na escrita non se fai a elisión da vogal *e* da preposición *de* sinálase cun apóstrofo ('): *d'altar* (l. 36, f. CXXVI [r]), *d'estano* (l. 33, [f. CXXV v]; l. 17, f. CXXVIII [r]), *d'Ouréns* (l. 2, 6, 7, 12, f. CXXV [r]; l. 7, [f. CXXIX v], l. 3, f. CXXX [r]) etc.

No tocante aos topónimos, cando están formados por dous ou máis elementos, sepáranse os ditos elementos (Lorenzo 2019: 41): *Canpo Rramjro* (l. 17, f. CXXV [r]), *Fonte Arcada [da] Rraneia de Fóra* (ls. 31-32, [f. CXXVIII v]), *Monte Rrey* (l. 12, f. CXXVI [r]) etc. Tamén se mantén a separación cando o substantivo está precedido por un determinante: *O Brieiro* (l. 18, f. CXXX [r]) e *As Seyxas* (l. 16, f. CXXV [r]).

## 2.4. Puntuación e uso de maiúsculas e minúsculas

Para a puntuación séguese o criterio moderno. Dado que no documento abundan as construcións sintácticas longas e as enumeracións, nalgúns casos a puntuación resultou dificultosa, con todo intentouse facilitar a lectura do texto e botouse man do punto e coma (;) e tamén do punto (.) para dividir as construcións máis longas.

O uso das maiúsculas faise seguindo a regras do galego moderno, fundamentalmente despois de punto e nos nomes propios de persoa e lugar.

## 2.5. Acentuación

No que respecta á acentuación séguese as normas modernas (NOMIG 2012 [1982]: 23-30), pero acentuamos formas como *Loýs* (l. 11, [f. CXXIX v] e l. 19, [f. CXXX v]), *outrosý* (l. 9, 14, f. CXXV [r] e l. 6, f. CXXX [r]), *Rroy* (l. 12, [f. CXXIX v] e l. 12, [f. CXXX v]), *rrouj* (l. 26, f. CXXVIII [r]), *mjtaras* (l. 31, f. CXXVIII [r]). Os acentos diacríticos actuais incorporáronse cando cumpren a mesma función no manuscrito: *á* (l. 2, f. CXXV [r] e l. 29, [f. CXXVI v]), *fóra* (l. 30, f. CXXVI [r]), *máys* (l. 21, f. CXXV [r]) etc), *óssos* (l. 29, 32, 36, [f. CXXIX v]) e *pé* (l. 21, 23, 25, 37, [f. CXXVII v] etc.). Porén, prescínlese deles naqueles casos en que a escrita utiliza outros recursos, como na P3 do presente de indicativo do verbo *ser*, que no texto aparece como *he* (l. 1, f. CXXV [r], etc.).

## 2.6. Grafías

Consérvanse as grafías *i*, *j* e *y* tal como aparecen no orixinal, independentemente de teren valor vocálico ou consonántico: *nascimento* (l. 3, f. CXXV [r]), *gremjal* (l. 33, f. CXXV [r]), *espynaço*

(l. 30, [f. CXXIX v]) / *jgleia* (l. 2, f. CXXV [r]), *cornejaes* (l. 29, f. CXXVIII [r]), *ya* (l. 28, [f. CXXVII v]). O mesmo se fixo con *u* e *v*: *casula* (l. 4, [f. CXXV v] e l. 31, f. CXXX [r]), *vna* (l. 22, f. CXXV [r] etc.) / *estauan* (l. 9, [f. CXXV v]), *vida* (l. 26, f. CXXIX [r], l. 19, f. CXXX [r]). Tampouco se alteran as grafías *b* e *v* (*u*): *cobertora* (l. 31, [f. CXXV v] / *covertura* (l. 1, 10, f. CXXVII [r]).

Dentro desta postura conservadora tamén se inclúen na transcrición os casos das grafías dobres; rexístrase o *ff* en *alcatiffas* (l. 6, [f. CXXV v]), *ffaltan* (l. 27, f. CXXV [r]) etc. O *ss* mantense malia non representar sempre un fonema distinto: *mess* (l. 5, [f. CXXIX v], l. 1, f. CXXX [r]), *mjssa* (l. 22, f. CXXVII [r]). Precisamente, a semellanza que presentan ao longo do manuscrito as grafías *s* (*f*) e *f* é o motivo polo que se optou por ler na transcrición *ceneffas* por *cenessa(s)* e *çeneffa(s)* por *çenessas* nos seguintes casos: *ceneffas* (l. 27, f. CXXV [r], l. 24, f. CXXV [r]), *çeneffa* (l. 25, f. CXXV [r], l. 35, f. CXXV [r]), e, finalmente, *çeneffas* (l. 28, f. CXXV [r]).

O *R* alto transcríbese como *rr*, tanto en posición inicial como en interior de palabra: *rrico* (l. 4, 10, [f. CXXV v]), *darredor* (l. 19, [f. CXXVII v], etc. Mantéñense as grafías *l* e *ll*, sen reparar no seu valor fonolóxico: *colares* (l. 24, [f. CXXV v], l. 2, [f. CXXX v]), *collares* (l. 4, [f. CXXX v]). No manuscrito existen algúns exemplos da grafía latinizante *ll* en *mill* (l. 40, f. CXXV [r]) e, por analogía, tamén en *marfill* (l. 34, 36, [f. CXXIX v]). Para representar a nasal /*ɲ*/ o texto emprega fundamentalmente a grafía *ñ* (*cayxyña*, l. 28, [f. CXXVIII v]) e tamén *n* (*Bretana* (ls. 14-15, [CXXV v])). Conservamos ambas as dúas na transcrición.


As sibilantes *s*, *ss*, *z* e *ç* respéctanse tal e como aparecen no manuscrito: *así* (l. 7, f. CXXVII [r] e l. 21, CXXX [r]), *assý* (l. 4, f. CXXX [r]), *azebeche* (l. 11, [f. CXXVIII v]), *saçón* (l. 13, f. CXXV [r]). Con todo, non se diferencian os distintos tipos de ese (*s*, *f* e *ç*) na edición, que son transcritos como *s*.

A pretensión latinizante está detrás dalgúns usos gráficos que ofrece o manuscrito e que se respectan na transcrición. É caso do *s*-inicial e do *-p-* etimolóxico ante consoante: *scriptos* (l. 23, f. CXXV [r]) e *scripturas* (l. 39 [f. CXXIX v]); da grafía *th*: *Matheo* (l. 21, f. CXXIX [r]); *ch* en *choro* (l. 17, f. CXXV [r] e l. 22, [f. CXXIX v]); o uso de *qu*: *çinquo*, (l. 33, f. CXXVIII [r] e l. 5, [f. CXXIX v]), *branquas* (l. 40, f. CXXX [r]) e, finalmente, o *h* non etimolóxico presente en formas como *he* (l. 1, f. CXXV [r] etc.) e *ho* (l. 33, [f. CXXV v] etc.).

## 2.7. Signos de abreviación e abreviaturas

No que respecta ao uso das abreviaturas, desenvólvense na súa totalidade e márcanse en cursiva, incluso a conxunción *que*.

O sinal xeral de abreviación, con valor fonético, transcríbese como til de nasalidade cando houbo unha perda de *-n-* no paso do latín ao romance, pois indica que a vogal anterior está nasalizada (Lorenzo 2004: 453); nestes casos represéntase o til sobre a primeira vogal: *bõo* (l. 20, [f. CXXV v]), *ymajëes* (l. 31, [f. CXXVII v]), *maçãa* (l. 34, [f. CXXVII v]), *rraçõeyros* (l. 21, f. CXXV [r]), *sábãa* (l. 20, 21, [f. CXXV v]). Tamén se transcribe o til cando está situado sobre a consoante *n*: *copyña* (l. 9, 17, f. CXXX [r]) etc. Pola contra, cando aparece no texto e semella non ter valor fonético, é un mero trazo, non se recolle pero indícase en nota a súa presenza. Noutras ocasións, o sinal de abreviación equivale a unha consoante nasal en posición implosiva, por iso se repón o *n* ou *m* segundo conveña (Lorenzo 2004: 454): *enno* (l. 12, f. CXXV [r] etc.), *noveenta* (l. 4, f. CXXV [r]), *tempo* (l. 10, [f. CXXV v]) etc.

Entre as abreviaturas existentes no manuscrito cómpre destacar a abreviación de *er* (sinal  sobreposto), que se emprega no manuscrito co valor de *r*, e ao ser tan recorrente suprimiuse esta información da nota ao pé: *señor* (l. 6, f. CXXV [r] etc.), *ornamentos* (l. 11, f. CXXV [r]), *azur* (l. 23, f. CXXV [r]), etc. No manuscrito a abreviatura que adopta a forma dun 9 equivale en posición

inicial a *con*: con *toca* (l. 10, [f. CXXV v]); en posición final aparece en superíndice e lese como *us*: *seus* (l. 21, [f. CXXVIJ v]), *canonicus cancellerius* (l. 14, [f. CXXIX v]).

A abreviatura do pronome posesivo feminino da P4 *nra* cun trazo por riba, que no manuscrito precede a *señora*, é transcrito como *nossa señora* (l. 26, f. CXXVJ [r]) ao tratarse dunha abreviatura fosilizada. As letras gregas que se usan para *Xesucristo*, transcríbense como *Jhesu Cristo* (l. 3, f. CXXV [r] etc.), vaian xuntas ou acompañando outros elementos.

É habitual no manuscrito a aparición como sinal de abreviatura de distintas variedades do *a* sobreposto. Ademais, sobre o *g* e o *q* existen casos en que equivale á secuencia *ua*, que se transcribe co *u* en cursiva: *quatrocentos* (l. 4, f. CXXV [r] etc.), *algúa* (l. 9, f. CXXVIJ [r]), *branquas* (l. 40, f. CXXX [r]) etc. Seguindo o mesmo criterio, tamén se transcribe en cursiva o *u* da abreviación de *qui*, escrita cun *q* e un *i* sobreposto: *rreliquias* (l. 9, f. [CXXVJ v] etc.). Na abreviatura de *pri*, representada cun *p* cun *i* sobreposto, igualmente o *r* figura en cursiva: *conprido* (l. 27, [f. CXXV v]).

Finalmente, o signo tironiano represéntase como *et* por ser a forma maioritaria no manuscrito.

### 3. LECTURA DO TEXTO

1493, Setembro, 23. Ourense.

Addendas:

1493, Outubro, 5. Ourense.

1496, Agosto, 1. Ourense [1494, Agosto, 20. Ourense]

Relato de bens da Catedral de Ourense

ACOu. Minutarios notariais, Xoán de Ramuín, Libro 8º (I). Pergamiño orixinal, 12 folios, 31,5 x 22 cm, ff. CXXV (recto) a CXXX (verso). Precortesá. Bo estado de conservación.

f. CXXV [r]

Este he el rreconto<sup>1</sup> dos ornamentos sagrados *et* por | sagrar de santcristanja<sup>1</sup> *que* *pertheescen* á jgleia d'Ouréns. |

Ano<sup>1</sup> del nacimiento do noso señor *Jhesu Cristo* de mjll<sup>1</sup> *et* | *quatroçentos et noveenta et tres*<sup>1</sup> anos<sup>1</sup> *et vynte et tres*<sup>1</sup> días do mes<sup>1</sup><sub>5</sub> de setembre<sup>1</sup> por mandado del señor don Johán<sup>1</sup> de Deça, arçediano | de Búbal enna jgleia d'Ouréns *et* en ela<sup>2</sup> proujsor por el rreuerendísimo señor | don Antonjoto Gentil<sup>1</sup>, cardenal de Santa Anestasia *et* obispo d'Ouréns, | *et* por tódoslos (los) outros beneficiados, dignidades, canónigos, | *et* beneficiados da dita jgleja. Et de autoridade outrosy do dito Juan<sup>3</sup> de |<sub>10</sub> (de) Deça, vicario del deyán por don Johán<sup>1</sup> Bautista Gentil<sup>1</sup>, deyán<sup>1</sup> | enna djta jgleia<sup>4</sup> foy tomado el rreconto de tódoslos ornamentos | da santcristanja<sup>1,4</sup> *pertheescen* aa dita jgleia d'Ouréns a Gomes<sup>1</sup> | de Paaços, santcristán<sup>1</sup> *que* era aa saçón. Estando y presente | Jácome d'España, clérigo, *que* outrosy foy santcristán<sup>1,5</sup> a entrada |<sub>15</sub> do djto Gomes<sup>1</sup> de Paaços enna dita santcristanja<sup>1</sup>. A qual dita conta | foy tomada por Gonçaluo das Seyxas<sup>1</sup>, *et* por Álvaro Vasques, *et*<sup>4</sup> por Esteuo Ferrnandes | de Canpo Rramjro, *que* foy por parte

<sup>1</sup> Leva un trazo sobreposto.

de choro et porante mjn, Juan<sup>3</sup> de Rramoín, | canónigo et chançeller do dito cabjdo. Las quales cousas que se y acharon | foron as sigentes. *Primeiramente:* |<sup>20</sup>

Jten quinze capas de rricomas de canónigos. | Jten máys<sup>1</sup> outras doze capas de rraçõeyros de jayzían; falta | vna<sup>1</sup> da conta et do memorial. | Jten dúas capas de damasco, vna<sup>1</sup> delas<sup>1</sup> de azur et outra | morada con súas çeneffas de ouro. |<sup>25</sup> Vna<sup>1</sup> capa de crymyssý con súa çeneffa de ouro. | Dúas capas de damasco branco<sup>6</sup> de brocado con súas | ceneffas; ffaltan as casulas delas, que son de lenço. | Jten tres capas brancas con súas çeneffas et escudetes. | Outras dúas capas brancas de rricomas que non som |<sup>30</sup> rricas. ||

[f. CXXV v]

## Vestimentas: |

Vna<sup>1</sup> vestimenta de pontifical con súa ceneffa, que he rrica et con | súa alua d'olanda e con amjto, estola, cynta, et manjpolo, | et con seu<sup>1</sup> manto rrico de damasco brocado et con súa casula |<sup>5</sup> de lenço en que está goardado. | Dúas almáticas de damasco do brocado branco con súa estola; | con vna<sup>1</sup> estola et douss manjpolos et con vna<sup>1</sup> estola de | damasco<sup>7</sup> de brocado. Faltan as casulas de lenço | en que estauan goardadas. |<sup>10</sup> Vn<sup>1</sup> manto rrico de rricomas con toca de vermello con seu | manjpolo et estola daquela color; falta a cynta de seda. | Dúas almáticas de damasco brocado de vermello con | súas frocaduras de rricomas con súa estola et manjpolo. | Vna<sup>1</sup> vestymenta de damasco branco con súa<sup>8</sup> alua de brejtana, et manto de damasco con súa ceneffa dourada, | et manjpolo et estola de damasco e cynta<sup>1</sup>. | Dúas almáticas brancas de damasco<sup>4</sup> con súa | estola et dous manjpolos de damasco branco<sup>4</sup>. | Outro manto branco de damasco con súa ceneffa dourada |<sup>20</sup> et estola e manjpolo. Jten dúas almáticas | brancas de damasco branco; deste ornamento faltan | dous m[a]njpolos<sup>9</sup>. | Tres. amjtos gornçidos de brocado colorado. | Dous colares<sup>1</sup> de damasco branco de brocado. |<sup>25</sup> Vna<sup>1</sup> vestymenta de defuntos con seu manto de | sarga et con dúas almáticas de bocalán negro | con seus rregaços et todo<sup>4</sup> conprido. | Outra vestymenta conprida con vn<sup>1</sup> manto de brocado | rraso colorado. |<sup>30</sup> Outra vestymenta conprida de seda mourisca; falta<sup>10</sup> | o manto dela, que he mourisco, sen<sup>1</sup> labor de<sup>11</sup> grifos. | Outra vestimenta conprida con manto de seda, feytura | de poombynas d'estano, saluo ho manto. | Outro manto de chamalote colorado con çeneffa de Jhesús |<sup>35</sup> María, sen outro conprimento para seer vestimenta conprida. ||

f. CXXVJ [r]

<sup>2</sup> Leva un trazo longo sobre esta palabra e a anterior.

<sup>3</sup> Está escrito *Ju*<sup>o</sup>.

<sup>4</sup> Hai unha mancha de tinta.

<sup>5</sup> Posiblemente o copista escribiu un *o* e logo cubriuno de tinta para eliminalo.

<sup>6</sup> Parece que o *n* está retocado.

<sup>8</sup> Por riba escribiuse + (unha aspa de reclamo) e na marxe esquerda desta liña está escrito *not* e + (aspa de reclamo) por outra man posterior.

<sup>9</sup> Falta o *a*.

<sup>10</sup> Na marxe esquerda desta liña e da seguinte está escrito *achouse / o manto*. Semella un engadido posterior da mesma man.

<sup>11</sup> Despois desta palabra o escribán comezou a trazar outra comezada por *ff* e logo riscouna

Outro manto. | Falta vna<sup>1</sup> vestimenta conprida con seu<sup>1</sup> manto de damasco rraso | de labores<sup>1</sup>. | Vn<sup>1</sup> manto de ouro bayxo con súa çeneffa con vna<sup>1</sup> Santa María |<sup>5</sup> enos peytos de follajee *et* con vn<sup>1</sup> crucifixo ennas espaldas; | falta deste ho outro conprimento. | Dúas almáticas mouriscas vellas; non<sup>4</sup> hay máys<sup>1</sup> destas. | Falta vna<sup>1</sup> estola *et* douss manjpolos destas almáticas. | Vn<sup>1</sup> manto vello de ouro de sarafijs con súa ceneffa vella; |<sup>10</sup> falta ho outro conprimento *para* seer vestimenta conprida. | Seys almáticas vellas con outras estolas, todo vello. Falta, | do *que* estaua enno memorial, dúas almáticas. | Dúas almáticas negras de lenço, *que* foron feytas *para* os | anjuersarios, vellas; os conprimentos destas andan |<sup>15</sup> enna vestimenta nova *que* se fezo. | Jten vn frontal de seda verde prado con armas de Barrentos, | bordado de fillo de ouro fyno con súas çeneffas brancas | de lenço labradas de ouro fyno con súas borlas de seda | branca *et* colorada, *que* mandou don Pero da Silua, obispo *que* foy. |<sup>20</sup> Outro frontal de coyro de guadamecil dourado de labores<sup>1</sup> de | brocado. | Outro frontal de brocado raso colorado *que* ten pasaros perlo | médeo con scriptos enas bocas, *et* ençima enadido de outro frontal | vello, branco, de damasco con súas frocaduras *et* ceneffas |<sup>25</sup> con rramos de ouro postos en damasco azur *et*<sup>4</sup> os cabos con | salutación<sup>1</sup> de nossa<sup>12</sup> señora<sup>1</sup> con sonas de ouro *et* prata sobre<sup>1</sup> | seda negra ja rrasgada. | Hun frontal de lenço ja vello con quatro figuras. | Outro frontal de terçianel colorado, vello *et* azur con súa cruz |<sup>30</sup> ennas espaldas branca. | Outro frontal vello, o qual<sup>1</sup> se desfezo *para*<sup>4</sup> conprir ho outro frontal | colorado *que* ten os pasaros. | Vn<sup>1</sup> gremjal de seda con súas frocaduras de todas cores<sup>1</sup> | verde. |<sup>35</sup> Falta do memorial vello vna<sup>1</sup> çeneffa con os doze appóstollos<sup>13</sup> | *para* frontal d'altar. ||

[f. CXXVJ v]

Falta do memorial vello: douss frontaas de seda branca, vellos; | outro frontal novo pyntado de lenço con nossa señora *et* con | dous panoos<sup>1</sup> *et* con Santa Catalyna *et* Santa Bárbara, posta çerca | este frontal. |<sup>5</sup> Douss panos<sup>1</sup> de predicatorio non se acharon. | Vna<sup>1</sup> capa negra de bocalán falta. Tres<sup>1</sup> alcatiffas vellas, | vn<sup>1</sup> pano de çeo de sarga colorada forrada en lenço. | Quatro toucas vellas de seda, con *que* leuan as rreliquias *et* vn | canbrays rrasado. |<sup>10</sup> Vn<sup>1</sup> fronteyro labrado furado. *Et* furtaron enno tempo de Jácome | d'España húa touca de seda. | Faltan dúas aluas *et* outras vellas con elas. | Seys amjtos *et* faltan outros seys do memorial. | Achouse vna<sup>1</sup> cynta. |<sup>15</sup> Doze estolas, vellas *et* novas. | Falta vn<sup>1</sup> colar de seda vello, | seys sábãas *para*<sup>4</sup> ho altar delgadas, | outras dúas sábãas *para* ho altar *et* outras dúas sábaas | vellas grosas. |<sup>20</sup> Outra sábãa de bõ lenço açintillada con súas vñas cár|denas. | Vna<sup>1</sup> sábãa grande *que* anda ante ho<sup>4</sup> altar en cordees. | Dúas cayxas<sup>1</sup> *para* corporaas<sup>1</sup>, vna<sup>1</sup> vella *et* outra nova. | Outra cayxa de çiprés. |<sup>25</sup> Vn<sup>1</sup> espello de marfil con seu<sup>1</sup> pente<sup>1</sup>. |

Libros:<sup>14</sup> |

Vn<sup>1</sup> mjsal con vn<sup>1</sup> euangelisteyro<sup>1</sup> *et* pistoleyro<sup>1</sup>. | Outro libro pequeno de prefaçios do altar. | Outro libro ofiçieiro de mjssas puntado. |<sup>30</sup> Outro libro de glorias *et* quiries *que* he ofiçieiro puntado. | Outro libro ofiçieiro mjsal puntado con cobertora vermella | *et*<sup>15</sup>

<sup>12</sup> Está escrito *nra* cun trazo por riba.

<sup>13</sup> Está escrito *apillos* cun trazo por riba.

<sup>14</sup> Nesta liña engadiuse, posteriormente e con outra tinta, antes de *libros* “Vnã cayxa” e despois de *libros* “con seu espello *que* dou Gonçaluo de Nugeyra”.



proseyros<sup>1</sup> pequenos de quiries *et* glorias<sup>1</sup> con oficio | da cruz. Falta vn<sup>1</sup> proseyro<sup>1</sup> do memorial *por quanto* | eran cinco. ||

f. CXXVIJ [r]

Outro mjsal oficieiro puntado con cobertura vermella.<sup>16</sup> | Outro oficieiro tal como<sup>1</sup> este, forrado de coyro branco. | Vn<sup>1</sup> pistoleyro<sup>1</sup> *et* vn<sup>1</sup> euangeliario leuárono<sup>1</sup>. | Vn<sup>1</sup> oraç[o]eiro<sup>17</sup> de vnas tábeas de coyro<sup>1</sup> colorado vello, |<sub>5</sub> *que* ten tódaslas oraç[ões] de todo ho ano<sup>1</sup> con oficio da crisma | *et* sacra con ho ofiçio de vendecer o lume. | Outro oraç[o]eiro<sup>17</sup>, así como<sup>1</sup> este, de coberturas negras con el | ofiçio de liber generacionis *et* con ofiçio de aris pascoal | con algúas leteras d'ouro. |<sub>10</sub> Hun libro de cobertura vermella de pontifical con tódas|las oraç[ões] de mjssas de todo el ano<sup>1</sup>. | Vn mjsal *que* foy de Sant<sup>1</sup> Cloyo está en Monte Rrey, en | cassa do moldeiro. | Outros tres<sup>1</sup> libros puntados de santal *et* dominjcal; *et* vn<sup>1</sup> |<sub>15</sub> deles<sup>1</sup> ten vna<sup>1</sup> táboa quebrada, *et* vn<sup>1</sup> deles ten santal; | outro dominjcal descuberto *que*<sup>4</sup> he puntado<sup>4</sup>.<sup>18</sup> | Outro libro santal *et* dominjcal vello con vna<sup>1</sup> táboa, puntado. | Outro libro santal puntado con táboas sen coyro<sup>1</sup>. | Outro libro oficieiro de mjssas, vello, ten letras con figuras. |<sub>20</sub> Vn<sup>1</sup> caderno con euangelio puntado de Natal, liber generacionis Jhesu Cristi. | Vn caderno del ofiçio de Corpus Cristi; falta outro. | Outro caderno con mjssa contra a pistilencia, conté[n]<sup>19</sup> ho neçessario, excepto | *que non* ten sacra. | Outro caderno *que* ten ho rredentor. |<sub>25</sub> Outro tal caderno *que* ten a rregla de ólyo *et* crisma. | Outro caderno dos quiries dos ángeles<sup>1</sup> con súa gloria. | Outro caderno da f[e]sta<sup>20</sup> de Santo Antonýn. | Outro pistoleyro vello *que non* ten saluo vna<sup>1</sup> táboa. | Quatro arcazes<sup>1</sup>, vn<sup>1</sup> deles<sup>1</sup> grande *et* outro *que* foy do |<sub>30</sub> jubyleo, está ligado fóra enas grades<sup>1</sup>. | Outro forrado en pano verde. Jten outro pequeno. Jten vna<sup>1</sup> | cayxa<sup>1</sup> llana en *que* está el pontificado. Jten arcaz grande | pechado. Jten outra arca costodia do sepulcro vana. ||

[f. CXXVIJ v]

As coussas do altar son as sigentes: |

Quatro candeyros<sup>1</sup> de açoffar, dous grandes *et* dous pequenos, | *et* vna<sup>1</sup> estante de palo. | Dous pees<sup>1</sup> en *que* están as cruces *que* son de palo. |<sub>5</sub> Vna<sup>1</sup> crus grande dourada con seu pee *et* con dous cubetes<sup>1</sup> | *et* con vna<sup>1</sup> pedra de rrubý enna fronte do cruçifixo *et* outras | quatro pedras çafijs con vna<sup>1</sup> pedra branca. Falta outra pedra | *delante et* enas espaldas, outros dous çafijs *et* vn<sup>1</sup> coral | *et* vna<sup>1</sup> pedra branca; enas espaldas falta outra pedra; falta |<sub>10</sub> a gornjiçión do pee. | Outra cruz esmaltada d'esmaltes<sup>1</sup> azures *et* vertes | con seu crucifixo *et* vna<sup>1</sup> try[n]dade<sup>19</sup> *et* con súas euangelistas | *et* enno pee os appóstollos<sup>13</sup> esmaltados con súa cayxa de | coyro<sup>1</sup>. |<sub>15</sub> Outra cruz grande branca das proçesiones<sup>1</sup> con seu crucifixo *et* | ennas espaldas vna<sup>1</sup> try[n]dade<sup>19</sup> con euangelistas *et* enno | pee vna<sup>1</sup> vydeyra<sup>1</sup>. | Outra cruz pequena con dez *et* seys pedras rrouíjs *et* con outra | pedra grande *que* ten quatro pedras pequenas darredor, a qual<sup>1</sup> |<sub>20</sub> he pechada con súa pechadura, enna qual está parte da cruz | *et* lleno de Jhesu Cristo, con seu pé novo con seus letereyros. | Outra cruz pequena de gallos con seu crucifixo

<sup>15</sup> Parece que está escrito sobre a palabra *ot*.

<sup>16</sup> No comezo do folio engadiuse unha liña posterior e con outra tinta, que despois foi riscada cun trazo. Di “foros de renta de Mugaes *que* ten Rroy Vasques del año de ochenta e ocho”.

<sup>17</sup> Falta o *o*.

<sup>18</sup> Na marxe esquerda desta liña está escrito *not e +* (aspa de reclamo) por outra man posterior.

<sup>19</sup> Falta o *n*.

<sup>20</sup> Está escrito *fasta*.

pequeno con seu | [le]tereyro<sup>21</sup> con letras latinas con seu<sup>1</sup> pé branco con súa mançana. | Outra cruz pequena, dourada, esmaltada, que deu don Pero |<sup>25</sup> da Silua con seu<sup>1</sup> pé dourado con vn<sup>1</sup> letereiro en que dis | que a dou<sup>1</sup> ho dito don Pero da Silua con seu<sup>1</sup> crucifixo. | Húa<sup>1,4</sup> portapaz que dou<sup>1</sup> don Afonso; tena os herdeiros de Rrodrigo | de Meyjón Frío<sup>4</sup>; ya está entregada á jgleja. |

Cálezes: |<sup>30</sup>

Vn cález grande dourado con seys esmaltes<sup>1</sup> enno bullón | et vn<sup>1</sup> cruçifixo con súas ymajêes, con súa patena<sup>1</sup>. | Outro cález pequeno con seus coruos que dou ho arcediano Vasco Peres | Coruacho; he parte del dourado. | Outro cález pequeno<sup>1</sup> con seys esmaltes<sup>1</sup> enna maçã et |<sup>35</sup> en eles<sup>1</sup> figuras. | Faltan dous cález, que ten os herdeiros de Meyjón Frío.<sup>22</sup> | Vn<sup>1</sup> veril gornychido con seu pé dourado et con seu capitel<sup>1</sup> | esmaltado et atorreado et dentro, enno capitel, vn<sup>1</sup> anyllo | da virgen Santa Eufemja et outro anyllo con vna<sup>1</sup> pedra con ||

f. CXXVIII [r]

súa figura et dúas crucyñas<sup>1</sup> de prata douradas et vn<sup>1</sup> | çafil branco et dous escudetes, dependurados de cadenas | de prata, esmaltados, et en cada vna<sup>1</sup> vn<sup>1</sup> lyón. | Vn<sup>1</sup> báculo dourado con seu<sup>1</sup> Sant<sup>1</sup> Martino et enno pé cinco esmaltes<sup>1</sup> |<sup>5</sup> con seu<sup>1</sup> palo de prata. | Quatro çetros de prata, dourado[s]<sup>23</sup> as cabeças, atorreados con | súas torres, douss mayores<sup>1</sup> et dous menores<sup>1</sup>, con seus | bastões de prata. | Douss candeeiros<sup>1</sup> de prata grandes, que disen que teen dez |<sup>10</sup> marcos. | Douss ynçensarios de prata.<sup>24</sup> | Tres<sup>1</sup> libros, chapadas as táboas de prata con súas<sup>1</sup> ymajêes: | euangelios, pistoleyro et mjsal. | Vna<sup>1</sup> naveta de prata con súa coller de prata presa de |<sup>15</sup> cadea de prata para ho ynçenso con coruos en ela<sup>1</sup>. | Dúas canetas de prata para ho altar. Jten outras dúas | d'estano. | Vna<sup>1</sup> mítara rrica pontifical de prata esmaltada dourada | gornychida de alxofar con seus rramales que ten (que ten) seys |<sup>20</sup> chapas cada vna<sup>1</sup>, tres<sup>1</sup> esmaltadas<sup>1</sup>, todo de prata con<sup>4</sup> | seus lyones<sup>1</sup> d'axofar et con doze clausos, ennos cavos et | con dúas (e con dúas) pedras de çafijs azures et ençima enna | faz delante ten douss çafijs en súas cayxas<sup>1</sup> et con outras tres<sup>1</sup> | pedras grandes de color de alanbre et desta parte da façe |<sup>25</sup> falta vna<sup>1</sup> pedra porque a furtaron a quen ffoy prestada; et | da outra parte ten vn<sup>1</sup> café grande azur et ten máys vn<sup>1</sup> rrouj | et outra pedra de color de alanbre. Jten outras dúas pedras | verdes et mays<sup>1</sup> sete pedras<sup>25</sup> pequenas darredor dos<sup>4</sup> | cornejaes<sup>1</sup>. Falta outra pedra grande que estaua ençima, enno coruo; |<sup>30</sup> está forrada de terçiopelo carmjssy. | Outras dúas mjtaras vellas de lenço. | Vn<sup>1</sup> anyllo pontifical, dourado, que ten vna<sup>1</sup> pedra grande azur con | outras cinco pequenas color de çaffy<sup>26</sup>. | Vn<sup>1</sup> peytoral colgado en vn<sup>1</sup> cordón morado que ten vna<sup>1</sup> pedra |<sup>35</sup> grande et darredor seys pedras; faltan quatro. | Huus

<sup>21</sup> Está escrito *tereyro* cun trazo por riba.

<sup>22</sup> Na marxe esquerda desta liña, coa mesma tinta, está escrito + (unha aspa de reclamo). Ademais figuran as seguintes anotacións escritas por outra man. Á marxe esquerda, máis arriba da aspa de reclamo, di: “Jten outros quatro cales | de prata que son da | obra” e un pouco máis abaixo destas tres liñas “Douss cálezēs que son | de Santa María a Madre”. Na marxe dereita están escritas quince liñas e nelas di: “destēs cález tomaron dous | ao sãncristán para conprir | os jncensarios; vñ deles | tyña seys esmaltēs enna | macaa con súas figuras | dourada a macaa et arredor do pé con súa patēñā | que tyna vñā maao. | Jten outro cales que tyna | ena maçã rrosetas | dourada, et a patena | et arredor do pé. Pessarōn | estes cález anbos tres mar|cos et seys onças et dous rrayás”. Na marxe inferior di “vñ cales que handa en su fillo todo esmaltado d'azur. | Outro cales dourado todo con ornatos de Torre Queymada. Outro cales dourado todo con súa patēñā et Sant Martino en ela | que mandou Villegas”.

gantes d'algadón brancos. | Tres<sup>1</sup> árbitros da cruz grande *et* outras peças de prata *que* foron | da dita cruz *que* [son]<sup>27</sup> *quatro et* vna<sup>1</sup> cadea *con* seu canuto. ||

[f. CXXVIIJ v]

Vna<sup>1</sup> pedra goastoadada en prata *et* outra pedra branca sen prata; | falta a prata desta pedra. | Vna<sup>1</sup> cayxa<sup>1</sup> de prata del anjlo de Santa Oufémea, *que* dou Perea, | *et* outras pecynas pequenas de prata. |<sup>5</sup> Douss sandalias pontificales de damasco *con* súas calcas. | Húa cynta modo de tixillo *con* seus rramales *et* borlas | de seda de todas colores<sup>1</sup>. | *Quatro* peças de corporales de lenço. | *Jten* outros corporales. | Vn<sup>1</sup> açetre *con* súas cadeas *para* ágoa; |<sup>10</sup> dúas obradeiras, vnas novas *et* outras vellas; | vna<sup>1</sup> cruz d'azebeche *con* seu<sup>1</sup> crucifixo de prata; | vna<sup>1</sup> cota *et* vn<sup>1</sup> palo<sup>1</sup> en *que* está el cyrio pascoal; | vn<sup>1</sup> bacý d'arámeo *para* tomar as ofertas; | vna<sup>1</sup> cayxa de palo en *que* vieren Sant<sup>1</sup>Fegundo *et* Sant<sup>1</sup> |<sup>15</sup> *Primjtiby*, *martires*; | vn<sup>1</sup> jnfante *para* día de Natal *et* outro máys vello; | çertas cyntillas *para* cyngyr<sup>1</sup> *et* *para* manjpolos; | vna<sup>1</sup> briuya de pulgameos de Frandes<sup>1</sup>, pequena, coberta de | coyro branco, conprida; |<sup>20</sup> vna<sup>1</sup> bula de perdones<sup>1</sup> *con* dez *et* seys sigillos colgados, | *que* envyou<sup>1</sup> Pero de Ben, arcediano de Trastámara, | vna<sup>1</sup> cruz de palo *con* seu<sup>1</sup> crucifixo color verde *con* vna<sup>1</sup> | cabeza *et* osillos. |

Rreliquias<sup>28</sup>: |<sup>25</sup>

Vna<sup>1</sup> cayxa de marfil *con* rreliquias, *que* es branca llena de rreliquias | de santos. | Outra cayxa de marfil, *que* ten varas, *que* dizen “de Sant<sup>1</sup> Loucel<sup>29</sup>”;<sup>30</sup> | *et* a outra cayxyña de dentro, rreliquias. | Outra cayxa de açofar esmaltada de rreliquias. |<sup>30</sup> Outra cayxa de acoffer de rreliquias. | Outro proseyro pequeno *que* se achou<sup>1</sup> en poder de Ffernando de Fonte<sup>1</sup> | Arcada [da]<sup>31</sup> Rraneia de Fóra, *que* llo prestou Jácome d’España. |

Balumes de libros, *que* están enno | coro *et* arriba enna arca: |<sup>35</sup>

Vna<sup>1</sup> briuya conprida en douss balumes de purgameo *con* | epístolas *et* euangelios *et* salterio, hun deles couento de coyro | branco por cima das távoas *con* seus clauos, *con* prólogo Sancti Jeró|njmj. ||

f. CXXIX [r]

